

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 18/12/2019 14:00:18

**SAIDA 13691/19**

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 158/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por [REDACTED]

[REDACTED], mediante escrito do 5 de novembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED]

[REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 5 de novembro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude á Consellería de Cultura e Turismo, de consulta e obtención de copia da documentación remitida polo SEPRONA á Xefatura Territorial da citada Consellería en Lugo, relacionada con catro denuncias presentadas por [REDACTED] en xaneiro de 2019, perante o SEPRONA de Lugo.

O reclamante indicaba que a Consellería de Cultura e Turismo non atendeu a súa solicitude de acceso á información.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

**Segundo.** Con data 7 de novembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura e Turismo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 11 de novembro de 2019.

**Terceiro.** Con data 18 de novembro de 2019 a Consellería de Cultura e Turismo contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que o obxecto da solicitude forma parte do os expedientes de dilixencias de investigación (previas á apertura do procedemento sancionador previsto pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia) VI-LC-036.18, pola posible afectación pola explotación dunha canteira do Castro da Trinidad e do ámbito de protección do Camiño Norte (Camiño de Santiago) e VI-LC.039.18, pola instalación dun cerramento diáfano na zona perimetral dunha antiga canteira, no ámbito protexido do Castro das Flores e do Camiño Norte.

A falta de resposta á solicitude de acceso á información pública veu motivada por unha confusión involuntaria, que provocou a asimilación de dita solicitude con outras catro formuladas pola [REDACTED] na mesma data e referentes aos mesmos expedientes, solicitudes que tiñan distinto carácter.

Estas solicitudes de información sobre o estado de tramitación das denuncias non foron aínda respostadas dado que os anteditos expedientes de dilixencias informativas están actualmente en tramitación, recibíndose neles documentación achegada polos Concellos, diversos departamentos da Administración autonómica e alegacións da entidade titular dos dereitos de explotación da canteira.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación



información debe ser tan amplo como a gama de información, así como os individuos que poidan reclamar o dereito. Este principio ten especial importancia no referente aos límites do dereito, por canto as restricións han de ser as mínimas e sometidas a un escrutinio severo, e en todo caso, debidamente motivadas, xa que se trata de excepcións ao dereito de acceso á información.

No presente caso, non ten xustificación a falla de contestación á solicitude de acceso á información por que o expediente este en tramitación, por canto o solicitado non é o expediente de denuncia, senón a *“copia da documentación o remitida polo SEPRONA á Xefatura Territorial..”*. Por tanto, o solicitado non é un expediente que estea en curso de elaboración, ao que sería de aplicación a causa de inadmisión do artigo 18.1.a) da Lei 19/2013, senón unha documentación concreta, remitida polo SEPRONA á Xefatura Territorial nos ditos expedientes de denuncia.

Non é por tanto o solicitado unha información que non exista como tal e que deba de elaborarse ou estea en trámite de elaborarse; a dita información existe, e agás que a Consellería de Cultura e Turismo xustifique de forma motivada que a dita información estea afectada por algún dos límites establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, en concreto polo establecido no artigo 14.1.e) referido á prevención, investigación e sanción de ilícitos penais ou administrativos, ou concorre na mesma unha causa de inadmisión das establecidas no artigo 18, debe proporcionáreslla á entidade interesada.

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada [REDACTED]

A Consellería de Cultura e Turismo non resolveu a solicitude de acceso á información da entidade interesada, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 5 de novembro de 2019, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude á Consellería de Cultura e Turismo, de consulta e obtención de copia da documentación remitida polo SEPRONA á Xefatura

Territorial da citada Consellería en Lugo, relacionada con catro denuncias presentadas por [REDACTED] en xaneiro de 2019, perante o SEPRONA de Lugo.

**Segundo:** Instar a Consellería de Cultura e Turismo, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Consellería de Cultura e Turismo, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2019

76706870F      Firmado digitalmente  
                         por 76706870F MARIA  
MARIA DOLORES DOLORES FERNANDEZ  
FERNANDEZ (R: S6500009C)  
S6500009C)      Fecha: 2019.12.18  
                         12:23:46 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**